

A RACIONALIDADE E OUTRAS MODALIDADES DE SABER

1. O CONCEPTO DE RACIONALIDADE

Como vimos na sección primeira, xa dende a Antigüidade grega se considera que a racionalidade é a característica específica dos humanos, a que nos diferencia do resto dos animais. Tal capacidade defínese como a facultade de pensamento discursivo, intimamente ligada á capacidade lingüística. Aristóteles definiu ao ser humano como animal que posúe *logos*, que en grego significa tanto linguaxe como razón, e que lle permite distinguir o xusto do inxusto.

Agora ben, non sempre o pensamento, nin as accións humanas, son racionais. Non sempre facemos “uso da razón”. Urxe, polo tanto, clarificar en que consiste a racionalidade do pensamento (racionalidade teórica). Pois a racionalidade das accións (racionalidade práctica) presupón a racionalidade teórica do pensamento, aínda que non se reduce a ela, xa que engade a articulación e uso de medios adecuados para acadar os fins propostos. Podemos actuar de xeito irracional, a pesar dun bo nivel de racionalidade teórica, pois existen outros factores que interveñen e dificultan a consecución dos fins. Pénsese no caso dunha adicción, por exemplo. Pero aquí, de momento, imos limitarnos á análise da racionalidade do pensamento, das opinións e crenzas que sostemos habitualmente sobre a realidade.

1.1. Características do pensamento racional

As condicións básicas que ten que reunir unha opinión ou crenza para poder ser considerada racional son fundamentalmente dúas: a) a consistencia, e b) a xustificación.

- a) *Consistencia*. Unha opinión é racional só na medida en que é coherente e compatible con outras opinións racionais. Este é un requisito esencial da racionalidade, pois a contradición ou inconsistencia é de todo punto inaceptable racionalmente. Pero non é suficiente, pois un conxunto de opinións coherentes, pero totalmente arbitrario ou gratuito non sería racional.
- b) *Xustificación*. Unha opinión será racional, só e na medida, en que estea adecuadamente xustificada; isto é, fundada en “boas razóns”. O problema agora consiste en determinar cales son as xustificacións adecuadas para soste racionalmente unha opinión ou crenza.

En liñas xerais, as razóns que xustifican unha opinión poden reducirse ás seguintes:

- Que sexa unha verdade *analítica*, e polo tanto, evidente. Isto significa que sexa incontestable; é dicir, imposible de negar, xa que o que se predica dun suxeito está xa implícito no significado do concepto do mesmo (por exemplo, que un triángulo ten tres ángulos).

- Que sexa algo comprobable directamente na experiencia; isto é, que sexa un feito directamente observable [aínda que esta xustificación esixiría moitas matizacións e precisións dende unha teoría crítica do coñecemento].
- Que se derive necesariamente doutras verdades xa ben fundadas.
- Que haxa “testemuñas fiables” nas que se apoie. Naturalmente, aquí o problema reside en determinar que tipo de testemuñas son “fiables”. Pero, en xeral, podemos considerar que aquelas afirmacións que a comunidade científica comparte como verdadeiras son aceptables racionalmente, aínda que nós non podamos comprobalas; xa que o coñecemento científico, como veremos na seguinte sección, aséntase sobre procedementos racionais (que inclúen os tres criterios anteriores).

Agora ben, a racionalidade humana é incompleta; de aí que, a miúdo, haxa que someter a revisión crítica as propias opinións e crenzas. Cada vez que aparecen contradicións ou cando as xustificacións que fundamentaban as opinións son seriamente cuestionadas, entón unha actitude racional esixe que estas sexan revisadas. A disposición a someter a unha revisión crítica as propias opinións forma parte esencial dunha actitude racional; a diferenza das actitudes doutrinarias e dogmáticas que se esforzan por manter, contra vento e marea, as crenzas e opinións, mesmo negando as evidencias contrarias. Así, pódese afirmar que a actitude racional está situada entre dous extremos irracionais: o escepticismo absoluto, que nega toda evidencia capaz de xustificar a aceptación de verdades racionais, e o dogmatismo doutrinario, que nega toda evidencia capaz de esixir a súa revisión.

Xa Descartes, o iniciador do Racionalismo moderno no s. XVII, definía a “razón” como a facultade de diferenciar o verdadeiro do falso; pero, para conseguilo, propuxo, como método, someter a dúbida todo aquilo que puidera ser cuestionado, até descubrir algunha verdade evidente e incuestionable, da que puidesen derivarse con necesidade lóxica outras verdades, que serían, polo tanto, tamén incuestionables.

1.2. Elementos do pensamento racional

No pensamento racional cabe distinguir tres elementos ou planos xerarquicamente implicados nos que opera a racionalidade: a) conceptos, b) xuízos, e c) razoamentos.

- a) Os *conceptos*, ou representacións mentais, son as categorías coas que o entendemento estrutura e ordena a realidade. Así, unifica e identifica unha multiplicidade de sensacións diferenciándoa doutra. Na formación dos conceptos xoga un papel fundamental a linguaxe, como xa se sinalou na sección anterior. Pensamento e linguaxe son en certo modo indisolubles. Pero, os moldes conceptuais cos que pensamos o mundo poden ser máis ou menos precisos, claros e adecuados; de aí que un

talante racional será tamén crítico cos sistemas conceptuais someténdoo a un proceso de revisión constante para facelos máis precisos e adecuados.

- b) Os *xuízos* relacionan conceptos atribuíndo un predicado a un suxeito, e establecendo, deste xeito, relacións de identidade, pertenza, inclusión, exclusión, implicación, etc. entre eles. Os *xuízos* exprésanse en enunciados lingüísticos ou proposicións. Só os *xuízos* ou proposicións poden ser considerados verdadeiros ou falsos, na medida en que se axusten á realidade. E diremos que son racionais se están debidamente “xustificados”, tal como se indicou anteriormente, e se son consistentes (non contraditorios). Hai dous grandes tipos de *xuízos* ou proposicións lóxicas: os *analíticos*, nos que o predicado está xa contido no suxeito, de modo que analizando o significado do suxeito descubrimos o predicado; e os *sintéticos*, nos que o predicado engade algo ao suxeito. Os primeiros son sempre necesariamente verdadeiros, mentres que os segundos poden selo ou non.
- c) Os *razoamentos* propiamente ditos enlazan *xuízos* ou proposicións entre si para derivar outros novos, que denominamos conclusións. Nisto consiste “razoar” en sentido estrito: derivar conclusións a partir de outros datos ou enunciados previos, chamados premisas, que serven para xustificar e fundamentar as conclusións. Así, discorre a razón e avanza progresivamente do coñecido ao descoñecido.

Pero este proceso de derivación pode ter dúas direccións que denominamos dedución e indución:

- Os *razoamentos dedutivos* parten de enunciados ou premisas de tipo xeral ou universal para derivar conclusións máis particulares, e que, polo tanto, dalgún xeito xa estaban implícitas nos datos de partida. Así, se os principios dos que partimos son verdadeiros e o razoamento é correcto, as conclusións extraídas teñen que ser necesariamente verdadeiras.
- Nos *razoamentos indutivos*, pola contra, os datos de partida son enunciados observacionais particulares, e deles, por xeneralización, pretenden derivarse conclusións máis universais. Tales conclusións, polo tanto, non son máis que xeneralizacións máis ou menos probables (dependendo dos datos dos que se parta), pero nunca teñen un valor de verdade necesaria e universal.

1.3. Os procedementos racionais

A racionalidade, dende a perspectiva que vimos expoñendo, non é máis que unha estratexia ou método para maximizar a veracidade das nosas opinións ou crenzas, optimizando así o axuste do noso pensamento coa realidade do

mundo. Tal estratexia supón un conxunto de procedementos ou operacións intelectuais discursivas que constitúen o pensamento racional:

- a) Argumentación, xustificación ou proba das opinións sustentadas.
- b) Inferencia ou derivación lóxica de conclusións a partir de premisas.
- c) Análise da consistencia lóxica das opinións ou crenzas aceptadas.
- d) Revisión crítica das propias opinións cando así o esixan novos datos.

A Lóxica estuda precisamente os procedementos e recursos da racionalidade. Pero convén distinguir dúas ramas ben diferentes da mesma: a) a Lóxica formal (teoría da dedución), e b) a Lóxica material (informal ou teoría da argumentación).

- a) A *Lóxica formal*, ou teoría da dedución, é unha ciencia que estuda os principios e leis das inferencias formalmente válidas. É unha ciencia formal, porque só ten en conta a estrutura ou forma sintáctica dos enunciados e as súas conexións, prescindindo totalmente do significado concreto dos mesmos. Usa unha linguaxe formal e artificial, sen significados concretos (non importa o tema de que se trate), para así analizar mellor a estrutura lóxica (ou esquema) que enlaza os termos e enunciados do razoamento dedutivo, e que permite derivar con necesidade a conclusión a partir das premisas. Se a estrutura ou esquema lóxico do razoamento é válido a conclusión necesariamente será verdadeira sempre que se parta de premisas verdadeiras, con independencia do significado (tema) do que se trate.
- b) A *Lóxica informal*, ou teoría da argumentación, é unha rama da Filosofía, cuxo obxecto de estudo é a argumentación material (real, sen prescindir do significado ou tema de que se trate); isto é, estuda o diálogo argumentativo, e os seus elementos constitutivos e normativos (principios, procedementos e erros argumentais ou falacias). Pois, como a finalidade da argumentación é convencer racionalmente (con “razóns”) da verdade de algo, o uso de recursos retóricos, emocionais, ou de outra índole para persuadir (sen convencer) distorsionan a racionalidade da argumentación e dan lugar a *falacias*, que convén detectar.

2. DIFERENTES MODALIDADES DE SABER: XÉNESE E CARACTERÍSTICAS

As informacións que os individuos dunha especie reciben ao nacer, impresas no seu código xenético ao longo da filoxénese, como xa vimos na sección 1ª, sêvenlles para desenvolverse e sobrevivir no medio. Pódense denominar “saberes” innatos, nun sentido amplo, pois carecen da consciencia que caracteriza ao verdadeiro saber. Pero, xa dixemos que o ser humano, ao constituírse como animal cultural, foi creando e desenvolvendo outros saberes que transmite e adquire mediante procesos de aprendizaxe social. Destes

saberes culturais é do que trataremos a continuación analizando a súa xénese e as súas características.

2.1. Os saberes técnicos

As actividades encamiñadas a satisfacer necesidades e resolver problemas básicos de supervivencia deron lugar, por ensaio e erro, a experiencias exitosas, que foron fixadas e perfeccionadas posteriormente como *técnicas* (de fabricación de ferramentas, de caza, de cultivo agrícola, de construción, etc.) Estes saberes prácticos foron, probablemente, os primeiros e máis antigos no proceso evolutivo de humanización da especie. O uso primeiro, e a posterior fabricación e perfeccionamento de ferramentas son unha boa testemuña diso.

Tales saberes consisten en *saber facer*: coñecer o procedemento e ter a habilidade para realizar un proceso que ten como meta unha certa utilidade. Teñen, pois, a súa orixe en actividades prácticas dirixidas a solucionar problemas concretos, cuxos resultados valiosos se van acumulando e transmitindo socialmente.

As características fundamentais dos saberes técnicos serían:

- *Prácticos*. Trátase de coñecementos baseados en actividades prácticas, (ensaio e erro) orientadas á satisfacción de necesidades concretas. Até unha época moi avanzada, non se apoian en coñecementos teóricos previos (etapa da tecnociencia –técnica baseada en coñecementos científicos-, que dará lugar ás tecnoloxías modernas).
- *Públicos*. As súas regras e procedementos son progresivamente compartidos, non esotéricos nin exclusivos (aínda que en certas épocas e lugares poidan reservarse só para grupos bastante pechados).
- *Revisables*. O carácter público ou intersubxectivo converte a técnica nun saber sometido a revisión e perfeccionamento continuo.
- *Especializados*. A división social do traballo dará lugar á división e especialización dos diferentes tipos de técnicas en campos concretos.

2.2. As concepcións mítico-relixiosas do mundo

Máis alá da satisfacción das necesidades básicas de supervivencia e dominio do medio, nos humanos xurdiu unha nova necesidade de carácter diferente (probablemente moi cedo na evolución cultural da especie, tal como poñen de manifesto certas interpretacións dos monumentos e da arte prehistórica): a necesidade de comprender e interpretar a realidade para explicar os fenómenos e orientar a propia vida, dándolle un sentido. Así xorden os mitos.

Os mitos son narracións ou relatos fabulosos que explican e interpretan as orixes, a orde social interna e o destino dunha comunidade, dándolle un sentido á vida e á actividade humana. En principio non hai unha verdadeira diferenza entre *mito* e *relixión*. De feito, as relixións teñen os seus fundamentos en relatos ou narracións míticas que se transmiten como tradicións verdadeiras dun xeito acrítico. Na concepción do mundo característica do pensamento mítico-relixioso os fenómenos da natureza dependen, xeralmente, de forzas sobrenaturais personificadas (deuses, heroes, entes estraños, etc), que fundamentan a orde moral que ha de rexer a vida humana.

O mito é un saber que se caracteriza por ser:

- *Antropomórfico*. As forzas da natureza son personificadas e os fenómenos naturais son interpretados como resultados intencionados, que teñen, polo tanto unha finalidade e sentido.
- *Indeterminista*. O que acontece na natureza sucede de forma arbitraria e azarosa, dependendo da vontade imprevisible das forzas personificadas e divinizadas que rexen o cosmos
- *Prescritivo*. Os mitos serven de fundamento a pautas ou patróns normativos de conduta, como rituais, obrigacións, prohibicións e tabús.
- *Acrítico*. As interpretacións míticas da realidade transmiten tradicións ancestrais sen sometelas a unha análise crítica de carácter racional.

Dado o carácter arbitrario e caprichoso dos fenómenos naturais, estes resultan imprevisibles e, a miúdo, incomprensibles para os humanos. Nunha mentalidade deste tipo a única forma de dominar ou controlar os fenómenos naturais é mediante rituais máxicos, que só algúns iniciados coñecen. A *maxia*, dentro dunha concepción mítico-relixiosa da realidade, desempeña unha función de domino da natureza comparable á técnica, pero de carácter pechado e exclusivo, só accesible aos iniciados, que a manteñen como algo inalterable e non susceptible de revisión crítica.

2.3. O saber filosófico

Cando as condicións sociais propiciaron a revisión crítica das tradicións mítico-relixiosas empezaron a “racionalizarse” as concepcións míticas do mundo. Adoita considerarse que foi historicamente na Grecia Antiga onde se deron as condicións que favoreceron o desenvolvemento das explicacións racionais do mundo, que foron substituíndo progresivamente aos mitos e deron lugar ao nacemento da Filosofía (o denominado *paso do mito ao logos*).

O suposto subxacente ás novas explicacións racionais sería a existencia dunha regularidade e dunha secuencia causal necesaria entre os fenómenos da natureza, que pode ser expresada baixo a forma de leis naturais. Dende tal

actitude, correspóndelle á razón humana a investigación e explicación da orde da natureza, así como a fundamentación das normas morais do comportamento humano.

Este novo saber de bases racionais foi denominado Filosofía (que etimoloxicamente significa *amor polo saber*, ou mellor, *busca do saber*), e caracterizouse por ser:

- *Causal*. Aínda que o seu obxectivo sexa o mesmo que o das explicacións mítico-relixiosas, comprender e explicar a natureza para orientar a vida humana, a súa explicación non está sometida a interpretacións antropomórficas, animista ou sobrenaturais. Trátase dunha explicación que busca as causas puramente lóxicas, por máis que esas causas sexan de orde especulativa. Isto significa que a realidade é unha orde (cosmos) regular e necesaria, sometida a principios e leis que a razón humana pode descubrir.
- *Realista*. Os principios e leis naturais búscanse na propia realidade natural, sen ter que recorrer a relatos lendarios ou alegorías simbólicas..
- *Argumental*. A explicación racional non recorre a xustificacións externas (tradicción, autoridade, misterio), senón ás razóns que poidan achegarse no curso de a investigación dos fenómenos naturais e das súas causas.
- *Revisable criticamente*. As conclusións obtidas poden ser criticadas e cuestionadas sempre que os argumentos presentados así o esixan.

Compre sinalar que na súa orixe, na cultura grega, a denominación de Filosofía abarca todo saber fundado racionalmente. Non existe aínda a distinción entre Filosofía e Ciencia. Ambas palabras designan exactamente o mesmo: a *episteme* ou saber verdadeiro. En Platón as Matemáticas e en Aristóteles a Física e a Bioloxía forman parte do saber filosófico, por exemplo.

A separación entre Filosofía e Ciencia empeza a producirse con moita posterioridade, coa chamada Revolución científica, a partir do Renacemento. Con ela, o desenvolvemento de métodos rigorosos de investigación da natureza (especialmente a experimentación), como teremos ocasión de ver na sección seguinte, dará lugar ao nacemento da Ciencia no sentido moderno. Dende entón a Ciencia irase dividindo e especializando en campos moi diferentes da realidade, deixando para a Filosofía ese carácter de comprensión e explicación globalizadora.

Deste xeito, na actualidade, a Filosofía adoita presentarse como un saber racional *de segunda orde*, “non como un saber autónomo e substantivo”, senón que sempre se constrúe “sobre a base de, e en permanente diálogo con outros saberes previos, sobre os que exerce a súa propia actividade”. Así pois, por unha banda, a Filosofía exerce unha constante *actividade crítica* sobre outros

saberes, crenzas ou ideoloxías (sobre todo mítico-relixiosas); pero, por outra banda, tamén precisa dos coñecementos aportados polas diferentes ciencias nos distintos eidos do saber, para, sobre eles, realizar as súas interpretacións globalizadoras sobre o sentido último da vida humana e da realidade. De aí, a súa dimensión esencialmente *interdisciplinar* e tamén *histórica*.

Non obstante, compre tamén ter en conta que algunha relixión, como o Cristianismo, sobre todo, no contacto co pensamento racional (filosófico-científico), foi depurando moitos dos seus contidos máis especificamente míticos, e desenvolvendo unha relixiosidade máis facilmente compatible coas concepcións racionais, en competencia ás veces, e en colaboración outras, coas concepcións filosóficas do mundo.

ACLARACIÓNS E PRECISIÓNS COMPLEMENTARIAS (sección 3ª)

1. Diferenza entre unha *linguaxe formal ou cálculo* e unha *linguaxe formalizada ou cálculo interpretado*

Un cálculo ou linguaxe formal é unha estrutura puramente sintáctica sen significado, sen referencia semántica algunha: signos que se combinan de acordo cunhas regras de formación ben definidas, que dan lugar a fórmulas, que se poden transformar noutras segundo unhas regras de transformación, pero que non teñen un significado, unha interpretación (son un xogo puramente abstracto e artificial, pois non fan referencia a ningunha realidade).

Un cálculo interpretado xa ten unha referencia semántica, un significado: así, na lóxica de enunciados “p”, “q”, “r”, etc, representan calquera enunciado ou proposición (oración enunciativa), “ \wedge ” significa conxunción (e), “ \vee ”= disxunción (ou), “ \rightarrow ” = condicional (se...,entón...), e “ \leftrightarrow ” = bicondicional (se e só se..., entón...). Un cálculo interpretado dicimos que é unha linguaxe formalizada, porque a linguaxe natural foi substituída por símbolos formais (artificiais) para poder analizar a súa estrutura ou forma sintáctica, prescindindo do significado semántico que acompaña á linguaxe natural e que pode ocultar a estrutura formal de mesma.

2. Valores de verdade dunha proposición ou enunciado, e da súa negación

p	$\neg p$
1	0
0	1

3. Valores de verdade de 2, 3 e 4 proposicións:

p, q	p, q, r	p, q, r, s
1 1	1 1 1	1 1 1 1
1 0	1 1 0	1 1 1 0
0 1	1 0 1	1 1 0 1
0 0	1 0 0	1 1 0 0
	0 1 1	1 0 1 1
	0 1 0	1 0 1 0
	0 0 1	1 0 0 1
	0 0 0	1 0 0 0
		0 1 1 1
		0 1 1 0
		0 1 0 1
		0 1 0 0
		0 0 1 1
		0 0 1 0
		0 0 0 1
		0 0 0 0

4. Valores de verdade das conectivas básicas:

p, q	$p \wedge q$	$p \vee q$	$p \rightarrow q$	$p \leftrightarrow q$
1 1	1	1	1	1
1 0	0	1	0	0
0 1	0	1	1	0
0 0	0	0	1	1

5. Estrutura formal dunha inferencia ou razoamento dedutivo

Unha inferencia dedutiva consta duns enunciados, chamados premisas, dos que se deriva con necesidade lóxica outro enunciado, chamado conclusión; de tal xeito que unha inferencia só será formalmente válida se da verdade das premisas deriva necesariamente a verdade da conclusión. O esquema formal duna inferencia dedutiva é, pois, a dun condicional que ten por antecedente a conxunción das premisas e por consecuente a conclusión.

6. Tautoloxías, contradicións e indeterminacións

Da análise formal dunha expresión ou inferencia lóxica pode resultar:

- *Tautoloxía*: expresión ou razoamento formalmente válido (no resultado final da súa táboa de verdade aparecerá sempre “1”, verdadeiro): É unha fórmula ou inferencia sempre verdadeira pola súa propia estrutura lóxica, con independencia do significado e valor das proposicións que a compoñen. As tautoloxías son leis lóxicas.
- *Contradición*: expresión inaceptable desde un punto de vista lóxica (o resultado da súa táboa final de verdade será sempre “0”, falso). É unha fórmula inconsistente na súa estrutura lóxica e, polo tanto, sempre falsa.
- *Indeterminación*: expresión ou argumento que en certas interpretacións pode ser verdadeiro, pero noutras é falso (o resultado final da táboa de verdade é de “1” e “0” mesturados, segundo os casos). É unha fórmula consistente (non contraditoria formalmente), pero que non ten validez lóxica. Só as tautoloxías teñen validez lóxica.

7. Falacias formais

As falacias formais consisten nun mal uso das leis lóxicas. Son esquemas de argumentación incorrectos. As dúas máis frecuentes son:

- Falacia de afirmación do consecuente: nunha implicación, da afirmación do consecuente, non se pode deducir a afirmación do antecedente. Por exemplo, *se sempre que chove se molla a rúa, e a rúa agora está mollada, non por iso se pode concluír que chova*

(pode deberse a outras causas). Non é correcto este esquema de inferencia: $[(p \rightarrow q) \wedge q] \rightarrow p$

- Falacia da negación do antecedente: nunha implicación, da negación do antecedente non se segue a negación do consecuente. Por exemplo: *se sempre que chove se molla a rúa, e agora non chove, non por iso podo concluír que non se molle a rúa* (pode haber outras causas que provoquen o fenómeno). Non é correcto este esquema de inferencia: $[(p \rightarrow q) \wedge \neg p] \rightarrow \neg q$